



A Segunda Guerra Mundial

Historia do Mundo Contemporâneo

1ºBac.

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA



- Década de **1930** = **inestabilidade** nas relacións internacionais
- Dous factores decisivos nas orixes da IIGM:
 - **Expansionismo das ditaduras fascistas**
 - **Crise económica da década de 1930**
- Fronte ao expansionismo de Italia, Alemaña e Xapón, as democracias occidentais practicaron unha política de pacificación (que a longo prazo resultaría fatal).

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA



1.1 AS PRIMEIRAS INICIATIVAS DO NAZISMO

- Crise económica dos 30: exacerbación do nacionalismo e apoxeo das solucións autoritarias.
- Breve período de cooperación internacional co Tratado de Locarno (1925) e o Pacto Briand-Kellog (1928), fin cunha serie de feitos.

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA

1.1 AS PRIMEIRAS INICIATIVAS DO NAZISMO

- Grande obxectivo da diplomacia europea: Conferencia de Desarmamento (1932-1933, Xenebra).
 - Recoñéceselle a Alemaña igualdade de dereitos, pero non hai entendemento e **Hitler abandonou a Sociedade de Nacións**.
 - Confírmase a intención de Hitler de non someter a cuestionamento o rearmamento alemán.
 - Hitler comeza a **ir en contra das limitacións impostas a Alemaña polo Tratado de Versalles**.
 - Proxecto do ditador: dominar toda Europa. Para isto: crear un grande Estado nacionalsocialista de base racial (Gran Reich) máis alá da fronteira fixada en Versalles, e dotalo de “**espazo vital**” mediante o expansionismo e a guerra. (Doc.1)
 - [Texto: Xustificación do expansionismo alemán \(Hitler\)](#)



1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA



1.1 AS PRIMEIRAS INICIATIVAS DO NAZISMO

- Primeiro paso: **intento de anexionar Austria** en 1934 (expresamente prohibido no Tratado de Versalles), operación abortada pola rápida intervención de Mussolini.
- **1935: Hitler anexiona o Sarre** tras a celebración dun plebiscito (poboación a favor)
- Xusto despois Alemaña anuncia o seu propósito de restablecer o **servizo militar obrigatorio**, de construír un exército de 36 divisións e de crear unha forza aérea, a *Luftwaffe*.

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA



1.1 AS PRIMEIRAS INICIATIVAS DO NAZISMO

- **Francia**, o país máis ameazado polas iniciativas de Hitler, reacciona intentando **illar diplomaticamente a Alemaña**.
- **1935, na Conferencia de Stresa**: acordo entre Francia, Italia e Reino Unido para asegurar a independencia de Austria, e contra a política armamentística de Hitler.
- **Pacto de asistencia mutua coa URSS** en caso de agresión.
- **Pacto soviético-checoslovaco**.
- Cara 1935: Alemaña “cercada” diplomaticamente.

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA



1.2 A COLABORACIÓN ENTRE OS ESTADOS FASCISTAS

- Italia: a máis débil da coalición antialemá.
- **Entre 1935-1936 Italia invade e conquista Etiopía:** oposición das potencias europeas.
- A Sociedade de Nacións condena esta acción e impón sancións económicas contra Italia.
- Mussolini rompe os pactos de Stresa, aproxímase a Alemaña e abandona a Sociedade de Nacións.
- **Vídeo: invasión italiana de Etiopía**

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA



1.2 A COLABORACIÓN ENTRE OS ESTADOS FASCISTAS

- **Alemaña** deixa de estar illada, e rompe o Tratado de Versalles **ocupando a zona desmilitarizada de Renania**, co que ameaza a principal garantía de seguridade de Francia.
- As potencias europeas aceptan a situación, sobreestimando a capacidade bélica alemá. Isto é percibido por Hitler e Mussolini como unha proba de debilidade.

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA



1.2 A COLABORACIÓN ENTRE OS ESTADOS FASCISTAS

- **Estoupido da Guerra Civil española, en xullo de 1936:** evidencia a debilidade das democracias occidentais.
- Agosto: **acordo de non intervención** asinado por 25 países, entre eles Alemaña, Italia e a URSS. Convértese en “papel mollado”: Alemaña nazi e Italia fascista axúdanlles con tropas e material bélico ás tropas sublevadas contra a república, e a URSS axuda á república con armas e técnicos.
- [Vídeo: a Lexión Cóndor bombardea Gernika.](#)

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA



1.2 A COLABORACIÓN ENTRE OS ESTADOS FASCISTAS

- A Guerra Civil española (1936-1939) facilita a alianza entre Hitler e Mussolini, que en outubro de 1936 forxan a alianza chamada **“Eixe Roma – Berlín”**.
- Novembro de 1936: Alemaña e Xapón asinan o **Pacto Antikomintern** contra a URSS, ao que se suman Italia e a España de Franco en 1937.

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA

1.3 O CAMIÑO CARA Á GUERRA

- Lazos entre Alemaña, Italia e Xapón reforzados, e Hitler toma a iniciativa a finais de 1937.
- As democracias temen a guerra e levan a cabo unha **política de pacificación**, facendo determinadas concesións que “calmasen” aos ditadores.
- Hitler desvela os seus plans no **protocolo Hossbach** (novembro de 1937): para alcanzar a autarquía e o rearmamento había que aplicar drasticamente a idea do Lebensraum: conseguir novos territorios para obter materias primas para a industria bélica e alimentos para a poboación, recorrendo á guerra.
- Anuncia claramente os seus obxectivos: primeiro a anexión de Austria e despois a anexión de Checoslovaquia.



1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA



1.3 O CAMIÑO CARA Á GUERRA

- Marzo de 1938: as tropas alemás entran en Viena, e Hitler anuncia a celebración dun **plebiscito que ratificou a anexión de Austria ao Reich alemán: *Anchluss***.
- Excusa para a anexión de Checoslovaquia: cuestión dos Sudetes, rexión checoslovaca rica en minas e industria na que vivían 3 millóns de alemáns. O pronazi Partido Alemán dos Sudetes reclama a súa anexión ao Reich, e ante as ameazas de Hitler de intervir, os xefes de goberno de Reino Unido, Francia e Italia acuden á **Conferencia de Múnic** (setembro de 1938), onde aceptan a **anexión dos Sudetes ao Reich** sen o consentimento de Checoslovaquia. Doc.3
- [Texto: Conferencia de Múnic](#)

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA

1.3 O CAMIÑO CARA Á GUERRA

- Marzo de 1939: Eslovaquia proclama a súa independencia, e a continuación as tropas alemás entran tamén en Bohemia, creando un “**Protectorado de Bohemia-Moravia**” como estado satélite do III Reich.
- No mesmo mes, Hitler anexiona o porto de **Memel** (Lituania), e en abril Mussolini ocupa Albania. En maio Italia e Alemaña asinan unha alianza ofensiva, o Pacto de Aceiro.



1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA

1.3 O CAMIÑO CARA Á GUERRA

- Estrepitoso **fracaso da política de pacificación** de Reino Unido e Francia, que deciden cambiar a actitude: acordan ofrecerlles garantías aos Estados ameazados polo expansionismo italo-xermano. **Pacto con Polonia** en agosto de 1939.
- Polonia ameazada: Hitler reivindicaba Danzig e o “corredor polaco”, e a URSS cobra especial importancia. Marzo 1939: negociacións de RU e Francia coa URSS entorpecidas polos receos polacos a que tropas soviéticas atravesaran o seu territorio, e pola desconfianza cara a Rusia bolxevique.

1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA

1.3 O CAMIÑO CARA Á GUERRA

- **23 agosto 1939: Pacto xermano-soviético de non agresión.** Os dous países deixan de lado temporalmente os seus conflitos e diferenzas ideolóxicas.
 - Contén un **protocolo secreto** que prevé a repartición de Polonia entre alemáns e soviéticos, e o recoñecemento dos dereitos da URSS sobre Finlandia, os países bálticos e Besarabia. **Doc.4**



1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA

1.3 O CAMIÑO CARA Á GUERRA

- Pacto de non agresión: alianza táctica entre dous réximes totalitarios que pretendían sacar partido da repartición de Polonia.
 - Hitler quería evitar dúas fronteiras en caso de conflito con Francia e Reino Unido (neutralidade da URSS)
 - Stalin o xustifica polo “clima de evidente hostilidade das potencias occidentais cara á URSS”, co fin de evitar o illamento e previr unha posible agresión alemá.
 - Causa o estupor das democracias occidentais.



1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA

1.3 O CAMIÑO CARA Á GUERRA

- Respalda polo pacto, o **1 de setembro de 1939 Alemaña invade Polonia**.
- Reino Unido e Francia non ceden, e o día 3 decláranlle a guerra a Alemaña.
- Comezaba a Segunda Guerra Mundial (1939-1945).
- [Texto: Xustificación de Hitler](#)
- [Vídeo: invasión de Polonia](#)



1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA





1.4 O EXPANSIONISMO DE XAPÓN

- Asia e área do Pacífico: escenario da crise das relación internacionais dos anos 30.
- **Xapón**: profundamente afectado pola crise económica, lánzase a unha **política expansionista sobre China**.
 - En 1931 ocupa militarmente **Manchuria**, en 1932 constitúe un estado satélite, **Manchukuo** (Doc.5). As potencias apenas reaccionaron.
- **1932-1937**: Xapón dispónse a **conquistar China e todo o sueste asiático** ante a falta de resposta internacional.
- **1937**: aproveita un incidente en Pequín, dálle un ultimato ao goberno chinés e inicia a **guerra de conquista**. Británicos e estadounidenses abandonan China, e a Sociedade de Nacións non actúa. [Texto: guerra chino-xaponesa](#)
- [Vídeo: expansionismo xaponés](#)

2. O DESENVOLVEMENTO DA GUERRA

- Nos inicios: clara **superioridade de forzas do Reich**, e superioridade en poboación e recursos económicos de Reino Unido e Francia.
 - Divisións de infantaría alemás superan ás do Reino Unido, Francia e Polonia.
 - Predominio alemán nas forzas aéreas.
- **Fallos na maquinaria de guerra alemá:** carencias en ferro, gasolina, caucho...
 - [Vídeo: produción de armamento na Alemaña nazi \(minuto 4\)](#)



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.1 INNOVACIÓNS TÉCNICAS E A TÁCTICA MILITAR

- Interesantes cambios na táctica militar na IIGM.
- Alemaña consciente de que a guerra ten que ser curta: deseñan a **guerra relampo** ou **Blitzkrieg**. **Doc.7**
 - Éxito rápido penetrando no territorio inimigo con **carros de combate** apoiados pola **aviación**: elemento sorpresa.
 - Superioridade alemá ata 1941
- [Vídeo: Blitzkrieg](#)




2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.1 INNOVACIÓNS TÉCNICAS E A TÁCTICA MILITAR

- **Exércitos aliados:** pensaban nunha guerra similar á IGM, baseada no avance da infantaría e a loita nas trincheiras, e **non estaban preparados** para o Blitzkrieg.
 - Só **poden pasar á ofensiva cando a guerra se prolongou**, xa que a capacidade económica pasou a ser decisiva para seguir ampliando o armamento e o exército.



2. O DESENVOLVEMENTO DA GUERRA



2.1 INNOVACIÓNS TÉCNICAS E A TÁCTICA MILITAR

- Aplicación dos **avances científico-técnicos**:
 - Radar inglés*
 - Sistema de bombas dirixidas alemás ([Vídeo: Fritz X](#))
 - Enerxía atómica (EEUU)
- **Construción de novas armas**
 - Desenvolvemento do tanque (Panzers alemáns) e das unidades mecanizadas
 - Aviación e potentes portaavións

2. O DESENVOLVEMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

1. AS OFENSIVAS ALEMÁS: A “GUERRA RELAMPO” (1939-1941): conquistas dos alemáns en Europa.
2. A GUERRA ADQUIRE DIMENSIÓN MUNDIAL (1941-1942): Alemaña ataca a URSS, e Xapón os EEUU, o que amplía os países contendentes e o campo de operacións.
3. A VIRAXE DA GUERRA (1943-1944): comezan as iniciativas dos aliados, e as derrotas do Eixe.
4. DERROTA DO EIXE E FINAL DA GUERRA (1944-1945)

2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

1. AS OFENSIVAS ALEMÃS: A “GUERRA RELAMPO” (1939-1941)

- O 1 de setembro de 1939, a *Wehrmacht* alemã invade Polónia.
- Exército polaco antiquado, carece de artilheria antiaérea: incapaz de enfrentarse á Blitzkrieg.
- O 27 de setembro capitula todo o exército polaco.
- França e Reino Unido deixan soa a Polónia.



LA INVASIÓN DE POLONIA



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

1. AS OFENSIVAS ALEMÃS: A “GUERRA RELAMPO” (1939-1941)
 - O **17 de setembro**, o Exército Vermelho penetra no território oriental de Polónia e, como se acordara no Pacto xermano-soviético, **Polónia foi repartida entre Alemanha e a URSS**.
 - As tropas soviéticas ocupan tamén Estonia, Letonia e Lituania, e invaden Finlandia.



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA


2.2 AS FASES DA GUERRA

1. AS OFENSIVAS ALEMÃS: A “GUERRA RELAMPO” (1939-1941)

- Aliados: deciden intervir en Noruega para cortar o aprovisionamento para os alemáns, pero os **alemáns** adiántanse e **invaden Dinamarca e Noruega (abril 1940)**.
- **Maio 1940: comeza a ofensiva alemá na fronte occidental (Doc.9): Invaden Bélxica e os Países Baixos.**
 - Illados en **Dunkerque** máis de 350.000 soldados (100.000 franceses). A maioría logra embarcar e refuxiarse en Inglaterra, pero perdas materiais e humanas enormes.
 - [Vídeo: Dunkerque](#)



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA



2.2 AS FASES DA GUERRA

1. AS OFENSIVAS ALEMÁS: A “GUERRA RELAMPO” (1939-1941)

- Os alemães avançam por França a través das Ardenas eludindo [a liña Maginot*](#) e sorprendendo ao exército francés. [Vídeo](#)
- En **xuño de 1940** as tropas alemás entran en París e asíñase o armistício en **Compiègne**. **Francia queda dividida en dúas zonas:**
 - Norte e costa atlántica: ocupado polos alemás.
 - **Centro-Sur: Francia de Vichy**, co goberno autoritario do mariscal Petain, colaboracionista dos nazis.
 - O xeneral francés **De Gaulle** fai un chamamento á **resistencia** desde Londres.



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

1. AS OFENSIVAS ALEMÃS: A “GUERRA RELAMPO” (1939-1941)

- A ocupación de Francia deixa só aos británicos fronte aos alemáns. **Winston Churchill** (1º ministro desde maio de 1940) rexeita as ofertas de paz alemás e decide continuar a guerra.
- **Batalla de Inglaterra** (plan de Goering): batalla aérea do verán de 1940 a principios de 1941.
 - Perda de avións alemáns (eficaces cazas ingleses e radar): resposta con continuos **bombardeos**, día e noite, sobre as cidades inglesas.



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA


2.2 AS FASES DA GUERRA

1. AS OFENSIVAS ALEMÃS: A “GUERRA RELAMPO” (1939-1941)

- **Xurden novas fronteiras:**

a. Norte de África

- **Xuño 1940:** a Italia de Mussolini entra na guerra do lado de Alemaña.
- Italianos en África, apoiados polo *Africa Korps* do mariscal Rommel: ofensiva desde Libia para **conquistar Exipto** (colonia británica) e chegar ao Canal de Suez (obstaculizar as comunicacións entre Inglaterra e o seu imperio), accedendo ao petróleo do Próximo Oriente.



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

1. AS OFENSIVAS ALEMÁS: A “GUERRA RELAMPO” (1939-1941)

- Xurden novas fronteiras:

b. Os Balcáns:

- Os italianos intentan invadir Grecia desde Albania, pero fracasan, o que leva a Hitler a intervir nos Balcáns.
- **1940-1941: Hungría, Bulgaria e Romanía** asinaron pactos para entrar na guerra do lado de Alemaña.
- Abril-xuño de 1941 o Eixe ocupa **Iugoslavia e Grecia**.



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA



2.2 AS FASES DA GUERRA

1. AS OFENSIVAS ALEMÃS: A “GUERRA RELAMPO” (1939-1941)

2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

2. A GUERRA ADQUIRE DIMENSIÓN MUNDIAL (1941-1942)

- Cambios: ataque de Alemaña á URSS e agresión de Xapón á flota naval de EEUU no Pacífico. Amplíase o campo de operacións.



2. O DESENVOLVEMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

2. A GUERRA ADQUIRE DIMENSIÓN MUNDIAL (1941-1942)

- **O 22 de xuño de 1941 a Wehrmacht invadiu por sorpresa a URSS (Operación Barbarroja)**
 - Obxectivo: cereais rusos e petróleo do Cáucaso (necesitados por Alemaña para continuar a guerra).
 - Plan alemán: destruír cun ataque relampo a potencia soviética antes de que esta puidese prepararse.
 - Primeiro momento: éxito alemán (debilidade do Exército Vermello polas purgas stalinistas)
 - Pero: chegada do inverno, falta de combustible, e táctica rusa de terra queimada*. Fracaso dos nazis na toma de Leningrado e Moscova, alongamento da guerra coa URSS.



Bundesarchiv, Bild 146-1991-140-34A
Foto: e. Arg. 1 November 1941




2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

2. A GUERRA ADQUIRE DIMENSIÓN MUNDIAL (1941-1942)

- Paralelamente, en **Asia**:
 - Invasión xaponesa de Indochina: EEUU decreta embargo sobre o comercio xaponés.
 - Goberno do **xeneral Tojo**: ataque aéreo sobre a base naval estadounidense de **Pearl Harbor (Hawaii)** o **7 de decembro de 1941**, sen previa declaración de guerra.
 - **EEUU entra no conflito**, e catro días máis tarde Alemaña e Italia decláranlle a guerra.
 - **Dominio xaponés sobre o mar** (destrución da frota estadounidense no Pacífico): rápido proceso de ocupacións. A finais de 1942 son donos de Indochina, Siam, Malasia, Birmania, costa de China, Indonesia, Filipinas, Guam, illas Salomón e nova Guinea, e ameazan Australia.



2. O DESENVOLVEMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

3. A VIRAXE DA GUERRA (1943-1944)

- A finais de 1942 os **aliados toman a iniciativa** e a guerra experimenta un xiro decisivo.
- **Primeira derrota importante de Alemaña en Rusia: Stalingrado.**
 - Toma da cidade: obxectivo fundamental no verán de 1942, os alemáns ocupan a meirande parte da cidade.
 - Contraofensiva soviética en novembro: 22 divisións alemás cercadas. Hitler ordena resistir e romper o cerco.
 - Os rusos impiden a chegada de reforzos, e a fame e o frío obrigan aos alemáns a capitular en febreiro de 1943.
- Xullo de 1943: **derrota alemá en Kursk** decide a sorte da guerra na fronte oriental.
- [Vídeo: Stalingrado](#)




2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

3. A VIRAXE DA GUERRA (1943-1944)

- En África:
 - O Africa *Korps* de Rommel detido polo británico Montgomery.
 - Contraofensiva aliada desde **El Alamein**, alcanzan Trípoli a comezos de 1942.
 - Novembro 1942: británicos e norteamericanos desembarcan en Marrocos e Alxeria.
 - Primavera 1943: alemáns e italianos evacúan Tunisia.



2. O DESENVOLVEMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

3. A VIRAXE DA GUERRA (1943-1944)

- Verán 1943: **desembarco en Sicilia dos aliados, que emprenden a conquista de Italia.**
 - Víctor Manuel III destitúe a Mussolini e nomea primeiro ministro ao xeneral Badoglio.
 - **Setembro 1943: Italia asina o armisticio cos aliados.**
 - Os alemáns ocupan o norte e o centro do país ata Roma e liberan a Mussolini, que organiza a República de Saló baixo control dos nazis.
- [Vídeo: liberación de Italia](#)
- [Vídeo: Bella Ciao](#)
- [Canción: Bella Ciao](#)




2. O DESENVOLVEMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

3. A VIRAXE DA GUERRA (1943-1944)

- No Pacífico:
 - Contraataque estadounidense no verán de 1942: batallas aeronavais de **Mar do Coral**, **Midway** e **Guadalcanal** rematan coa hexemonía naval xaponesa e poñen de manifesto a superioridade das forzas estadounidenses (portaavións e frota aérea).
 - [Vídeo The Pacific: Desembarco en Guadalcanal](#)
- O cambio no curso da guerra foi posible pola intervención de EEUU, pero tamén polo acercamento de Reino Unido e EEUU coa URSS. Na **Conferencia de Teherán (novembro 1943)** Stalin, Churchill e Roosevelt tratan conxuntamente aspectos da guerra e da posguerra.





2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

4. A DERROTA DO EIXE E O FINAL DA GUERRA (1944-1945)

- Definitiva derrota alemá comeza no oeste coa grande ofensiva aliada do **desembarco de Normandía** (Operación Overlord) o **Día D** (6 de xuño de 1944), que desbaratou as defensas alemás e permitiu o avance das tropas aliadas.
- [Vídeo National Geographic](#)
- París foi liberada en agosto, e a finais de outubro os territorios francés e belga foron totalmente reconquistados.
- [Vídeo: La Nueve](#)



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

4. A DERROTA DO EIXE E O FINAL DA GUERRA (1944-1945)

- Hitler recorre ao recrutamento masivo e ás novas armas (bombas e foguetes voantes V1 e V2) e decide un ataque desesperado no oeste, nas Ardenas, que foi detido polos aliados.
- [Vídeo: Batalla Ardenas](#)




2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

4. A DERROTA DO EIXE E O FINAL DA GUERRA (1944-1945)

- No Leste: os avances do **Exército Vermello** foron máis intensos. Asalto final entre finais de 1944 e principios de 1945.
- Abril de 1945: descomponse o réxime nazi. Berlín (capital do Reich) cercada e bombardeada. A finais de mes Hitler suicídase no seu búnker e a cidade capitulou, o que leva á sinatura da **rendición incondicional da Alemaña nazi** e a detención dos seus responsables.
- [Batalla de Berlín](#)



2. O DESENVOLVIMENTO DA GUERRA

2.2 AS FASES DA GUERRA

4. A DERROTA DO EIXE E O FINAL DA GUERRA (1944-1945)

- No Pacífico: continúa a guerra.
- Primavera 1945: Xapón cercado e sen recursos defensivos, pero continúa unha loita encarnizada.
- **Truman** (novo presidente de EEUU) decide lanzar a **bomba atómica** sobre as cidades de Hiroshima e Nagasaki en agosto de 1945. [Vídeo](#)
 - Efectos terroríficos: só en Hiroshima 100.000 mortos e innumerables feridos e afectados pola radiación, dunha poboación de 250.000 habitantes.
- **2 de setembro 1945: Xapón capitula. FIN DA GUERRA.**




3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

Tras as súas conquistas, Hitler considera esencial construír unha “nova orde” onde quedase claro o dominio de Alemaña sobre Europa (Gran Reich).

3.1 A EXPLOTACIÓN ECONÓMICA DOS PAÍSES CONQUISTADOS

- Estratexia alemá do Blitzkrieg baseábase nunha **guerra curta**, polo que a súa prolongación xeroulle problemas.
- Ministro de armamento e municións: Albert Speer. Logrou levar ao máximo a capacidade de produción bélica da industria alemá.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.1 A EXPLOTACIÓN ECONÓMICA DOS PAÍSES CONQUISTADOS

- Desde 1942 é evidente que non vai ser unha guerra curta, e Alemaña non tiña recursos suficientes para manter o esforzo da guerra.
- Deseño dunha **política de explotación, saqueo e rapiña** dos recursos humanos e económicos dos países ocupados.
 - Países conquistados: deben pagar os gastos militares da ocupación, sometidos ao saqueo mediante a requisa de materias primas e produtos industriais e alimentarios, espoliación de bens xudeus, etc.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.1 A EXPLOTACIÓN ECONÓMICA DOS PAÍSES CONQUISTADOS

- Réxime de ocupación especialmente duro na **Europa Oriental**, onde se estableceron miles de **campos de traballo** nos que as SS e os grandes conglomerados industriais alemáns explotaron sen límites a man de obra escrava. Uns 8 millóns de civís e prisioneiros de guerra foron deportados a Alemaña e empregados nas fábricas ou sectores agrícolas.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.1 A EXPLOTACIÓN ECONÓMICA DOS PAÍSES CONQUISTADOS

- Boa parte do esforzo de guerra alemán, polo tanto, foi achegado polos países europeos ocupados. Mentres a poboación alemá mantivo un certo nivel de benestar, a miseria recaiu sobre a poboación dos países conquistados.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.2 COLABORACIONISMO E RESISTENCIA

- “Nova orde”: apoio dunha minoría nos países conquistados. Só en Polonia e a URSS non se deu a figura do **colaboracionista** (dureza da ocupación).
- Destacan o réxime colaboracionista noruegués do comandante Vidkun Qyuisling e o réxime de Vichy en Francia (mariscal Petain).
- O colaboracionismo tamén se deu de forma individual.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.2 COLABORACIONISMO E RESISTENCIA

- Fronte ao colaboracionismo aparece tamén a **resistencia** en todos os países sometidos.
- Xurde como movemento patriótico de rexeitamento á ocupación alemá.
- Na Europa do Leste as forzas da resistencia organizáronse baixo a hexemonía comunista (Iugoslavia, Grecia).
- Na Europa Occidental estaba formada por todos os sectores sociais contrarios ao nazismo.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.2 COLABORACIONISMO E RESISTENCIA

- **Iugoslavia** foi o país onde a resistencia foi máis forte e intensa. Na dirección da oposición á ocupación alemá acabaron por impoñerse **Josif Broz Tito** e os seus **partisanos***. En 1944, antes da chegada do Exército Vermello, Tito conseguiu liberar o país e reunificalo.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.2 COLABORACIONISMO E RESISTENCIA


- **Italia:** importante desenvolvemento da resistencia na zona da República de Saló (Norte), con episodios tanto de guerra contra a ocupación nazi como de guerra civil contra os fascistas. Hexemonía comunista, pero participación tamén do resto de partidos antifascistas.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.2 COLABORACIONISMO E RESISTENCIA

- **En Francia e outros países da Europa occidental:** movementos de resistencia alentados polos británicos, as súas accións intensifícanse a partir de 1941.
- Accións de fustigación, sabotaxe e espionaxe ao servizo da causa aliada.
- Á fronte da resistencia francesa no exterior estaba **Charles de Gaulle** (dirixente da Francia libre).
- No interior, os sindicatos e partidos (desde a clandestinidade) agrupáronse no *Consello Nacional da Resistencia* (xefe: De Gaulle).



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.2 COLABORACIONISMO E RESISTENCIA

- **Represión contra a resistencia: feroz.** En Francia, por cada alemán asasinado fusilábanse a 50 reféns franceses, na súa maioría civís inocentes.
- Instrumentos do terror hitleriano: Gestapo, SS e campos de concentración.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.3 XERMANIZACIÓN E XENOCIDIO*

- Aspectos máis brutais da ocupación alemá derivan das bases do proxecto de Hitler: purificación da raza alemá e expansión das fronteiras do seu “espazo vital” no leste.
- Europa oriental: programa de **desprazamento dos pobos eslavos**, considerados “subhumanos” e carentes de dereitos, para lles deixar espazo ás poboacións alemás.
- Aspecto máis horrible: **exterminio dos xudeus, o Holocausto**. En 1941 Hitler esboza o proxecto de eliminación dos xudeus de Europa (uns 11 millóns).
 - Primeiro paso: exportación masiva a guetos* e campos de concentración.



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

3.3 XERMANIZACIÓN E XENOCIDIO

- Tras a **Conferencia de Wannsee**, en xaneiro de 1942, empezou o exterminio masivo e planificado dos xudeus coa **Solución Final** nas cámaras de gas e os fornos crematorios dos principais campos de exterminio, como Auschwitz, Treblinka, Chelmo, Bergen-Belsen, Buchenwald...
- En apenas dous anos foron exterminados uns 6 millóns de xudeus, así como centos de miles de xitanos, homosexuais, discapacitados, opositores políticos...
- [Museo virtual Auschwitz](#)



3. A “NOVA ORDE” NAZI EN EUROPA

